



Plan de Igualdade e Diversidade

IES Pedras Rubias

Curso 2019/2020

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. CONTEXTO
 - 2.1. NORMATIVA
 - 2.2. CONTEXTO DE CENTRO
 - 2.2.1. Datos xenéricos.
 - 2.2.2. Estatísticas igualdade.
 - 2.2.3. Actuacións.

3. OBXECTIVOS
 - 3.1. OBXECTIVOS XERAIS
 - 3.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

4. ACTUACIÓN
 - 4.1. ACTUACIÓN.
 - 4.2. NOVAS ACTUACIÓN.

5. AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO

1. INTRODUCCIÓN

O presente Plan de Igualdade debe entenderse como un documento para fomentar a igualdade efectiva dende o ámbito educativo.

A igualdade de dereitos, responsabilidades e oportunidades entre as mulleres e os homes, así como a perspectiva de xénero, debe integrarse en todas as etapas do sistema educativo coa finalidade de promover os valores necesarios para o exercicio dunha cidadanía democrática e para construír unha sociedade máis xusta e igualitaria.

A pesar de que nas últimas décadas se produciron importantes avances na eliminación das desigualdades por razón de xénero, aínda se identifican en multitude de ámbitos mostras preocupantes de que non se acadou unha igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. Moitas destas mostras reproducense tamén entre o alumnado máis novo, de aí que sexa necesario integrar de maneira decidida a perspectiva de xénero, isto é, cun enfoque que teña en consideración as diferenzas que existen entre mulleres e homes en distintas actividades ou ámbitos da vida co obxectivo de acadar a plena igualdade.

A educación constitúe un instrumento fundamental para mudar esta situación de desigualdade. Con este Plan preténdese concienciar a toda a comunidade educativa para que actúe de xeito crítico ante as situacións de desigualdade que percibe, no seu contorno e fóra del, e para que recoñeza as relacións interpersoais e sociais desde a natural diversidade de xénero, sexo e orientación sexual, como parte dunha realidade plural e enriquecedora, onde non hai lugar para discriminacións ou exclusións de ningún tipo.

Aplicar o Plan de Igualdade nun centro educativo é unha tarefa complexa que abrangue moitos ámbitos e aspectos distintos. Pero o obxectivo fundamental que debemos marcarnos é mover ao conxunto da comunidade educativa a reflexionar sobre os prexuízos nos que todos e todas fomos enculturadas e que nos seguen transmitindo toda a nosa contorna, a familia, os medios de comunicación, etc. Estes prexuízos sexistas e LGBTIfóbicos (rexeitamento que sofre o conxunto do colectivo de persoas lesbianas, gays, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais) constitúen a base de condutas discriminatorias que poden culminar en situacións de violencia de xénero, acoso escolar homofóbico e delitos de odio. Por tanto é fundamental deseñar actividades que consigan que tanto o profesorado como o alumnado se expoñan a devanditos prexuízos, adquiran un maior coñecemento e concienciación sobre a igualdade de xénero e respecten a diversidade afectivo-sexual, a diversidade familiar e as diversas identidades de xénero, que modifiquen as súas condutas, e así fomentar a participación, e o exercicio da cidadanía como instrumentos imprescindibles para o libre e digno desenvolvemento humano.

2. CONTEXTO

2.1. NORMATIVA

➤ ÁMBITO EUROPEO

Tratado de Funcionamento da Unión Europea. Artigo 8. No eido concreto da educación a Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes, despois de 2015, considera que os estereotipos de xénero seguen tendo unha grande influencia no ámbito educativo e destácase o papel decisivo que desempeña a educación e a capacitación na loita contra eses estereotipos e para poñer fin á discriminación baseada no xénero, así como os seus efectos positivos para as mulleres e para a sociedade e a economía en xeral.

➤ ÁMBITO ESTATAL

• Constitución (artigo 9.2 e 14):

Artigo 9.2: “corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social”.

Artigo 14: Los españoles son iguales ante la ley, sin que pueda prevalecer discriminación alguna por razón de nacimiento, raza, sexo, religión, opinión o cualquier otra condición o circunstancia personal o social.

- Real Decreto 1686/2000 do 6 de outubro: Creación do Observatorio de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 3/2007, do 15 de marzo, reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas.
- Lei orgánica 3/2007 22 marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

➤ ÁMBITO AUTONÓMICO

- Estatuto De Autonomía De Galicia (1981). Artigo 4.1: “...poderes públicos, desenvolverán accións encamiñadas a promover as condicións de igualdade, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude”.
- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de homes e mulleres.

- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 2/2014, do 14 abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia
- Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro: Convivencia e participación da comunidade educativa
- Decreto legislativo 2/2015 de 12 de febreiro. Capítulo IV: A educación e a formación para a igualdade entre homes e mulleres
- Decreto 86/2015 do 25 de xuño: Currículo educación secundaria e bacharelato.
- Decreto legislativo 2/2015, 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero (Abril 2016).

➤ ÁMBITO MUNICIPAL

- II Plan de Igualdade de Salceda de Caselas.

2.2. CONTEXTO DE CENTRO

2.2.1. DATOS XERAIS DO CENTRO

Denominación: Instituto de Educación Secundaria Pedras Rubias

Enderezo: Pantel s/n-Revolta, Parderrubias CP: 36472 Salceda de Caselas

Código do centro: 36024628

Teléfono: 886 120550 **Fax:** 886 120 567

Correo electrónico: ies.pedras.rubias@edu.xunta.es

Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iespedrasrubias>

Ensinanzas: Ensinanza Secundaria Obrigatoria, en réxime ordinario 13 unidades.

Personal:

- Profesorado: 32
- Administrativo: 1
- Bedel: 1
- Limpeza: 3

Alumnado: 300 aprox, en ascenso.

- NEE.
- Inmigrantes:
- Absentismo escolar:
- Minorías étnicas:
- Promoción alumnado: 80 %
- Convivencia en xeral: boa

Linguas:

- Asignación global horas lingua galega=Asignación global horas lingua castelá
- Lingua institucional: Galego
- Primeira Lingua Estranxeira: Inglés
- Segunda lingua Estranxeira: Francés.

Centros Adscritos: CEP Altamira de Salceda de Caselas

Transporte escolar: 7 rutas

Xornada Continuada

Cafetería Escolar: aberta en horario lectivo.

Banco de libros de texto. Sistema de arrendamento xestionado pola ANPA.

Dotación económica anual aproximada: 55.000 €

Centro Abalar. 6 aulas abalar.

Equipamento de aulas: portátil+proxeutor en todas as aulas.

Tipo de centro:

- Centro público e gratuito dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, aconfesional, baseado no pluralismo ideolóxico, na igualdade de dereitos e oportunidades, na tolerancia, na solidariedade, na atención individualizada da diversidade e no fomento do uso da lingua galega.

Programa de Actividades Complementarias:

- **Programas educativos**
 - Obradoiros afectivo-sexuais.
 - Obradoiros de igualdade.
 - Redes sociais.
 - Obradoiros sobre drogadicción.
- **Actividades Culturais**
 - Visitas a museos.
 - Representacións teatrais.
 - Rutas literarias: Valle Inclán
 - Concursos: Robótica
 - Entroido.
 - Charlas de escritores/as.
 - Visitas pola contorna.
 - Recitais poéticos.
 - Tamén Len.
 - Concursos narrativos.
- **Viaxes:**
 - Semana Branca en Andorra 2ºESO.
 - Camiño de Santiago 3ºESO.
 - Excursión fin de etapa 4ºESO.
- **Actividades deportivas**
 - Ligas de recreos.
 - Carreira solidaria.
 - Campionato de Xadrez.
 - Andainas.
- **Outras Actividades:**
 - Radio escolar: Ondarraia.
 - Grupo de teatro escolar: Mutis polo foro.
 - Club de lectura "Siareiros da Palabra"

Formación continuada do profesorado (PFPP) sendo as temáticas máis recentes:

- Aprendizaxe cooperativa.
- Convivencia.
- TICs.

2.2.2. ACTUACIÓN S IGUALDADE.

Son bastantes as actividades que se levan a cabo no centro dende hai anos en materia de igualdade e diversidade afectivo-sexual, por considerar este tema como un dos principais piares educativos. Recollemos as diferentes actuacións no apartado 4.1.Actuacións

3. OBXECTIVOS

3.1. OBXECTIVOS XERAIS

- Promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- Previr, detectar e intervir en casos de violencia de xénero.
- Promover o respecto á libre orientación sexual e a identidade de xénero e o rexeitamento a todo tipo de violencia ou agresión sexual.
- Previr, detectar e intervir en casos de LGBTIfobia

3.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Promover o uso da linguaxe inclusiva en todos os ámbitos educativos e por parte de toda a comunidade educativa que contribúa á visibilización das mulleres e dos diversos xéneros na linguaxe.
- Concienciar á comunidade educativa no uso da linguaxe non sexista nin heterosexista que presupón a heterosexualidade e o xénero, para que todas as persoas se sintan recoñecidas de forma positiva.
- Espertar o espírito crítico do alumnado sobre os estereotipos de xénero e de orientación afectivo-sexual que nos chegan a partir dos produtos culturais como a publicidade, os vídeoclips, os videoxogos, a televisión e o cinema.
- Motivar o alumnado para que adquira a formación adecuada para fomentar a súa autonomía persoal e os coñecementos e habilidades para compartir responsabilidades domésticas, familiares e de coidado, e contribuír a eliminar comportamentos e actitudes sexistas
- Implicar ás familias nas tarefas coeducativas e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.
- Aceptar, respectar e valorar as características das outras persoas sen deixarse influír por ningún tipo de actitude discriminatoria en relación co xénero, coa orientación sexual e coa identidade de xénero.
- Participar de forma igualitaria, construtiva e solidaria na realización de xogos, actividades grupais, situacións de comunicación e na repartición de responsabilidades e tarefas, rexeitando a división do traballo e de funcións por razón de sexo ou xénero.
- Incorporar unha concepción de familia ampla e diversa, en consonancia coa rica diversidade de estruturas familiares presentes no centro educativo (familias homoparentais o lesboparentais,

familias monoparentais, adoptivas, multiétnicas, multirraciais, transnacionais ou calquera outra das moitas formas de familia que están presentes na nosa contorna).

- Establecer os mecanismos para que todo o persoal do centro trate ao alumnado «trans-» conforme ao nome e ao xénero elixidos, sen cuestionar ou negar a súa identidade nin en público nin en privado. Non é responsabilidade do alumnado ter que comunicalo a cada docente ou ao persoal non docente, senón que é o centro o que debe asumir esta tarefa.
- Asegurar que o alumnado «trans-» poida facer uso das instalacións do centro, incluídos vestiarios e baños, conforme ao xénero elixido.
- Introducir de maneira expresa a educación na diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar e a loita contra o sexismo e a homofobia nos documentos oficiais de centro, empezando polo Proxecto Educativo, o Plan de Convivencia, o Regulamento de Réxime Interno e o Plan de Acción Titorial.

4. ACTUACIÓN

4.1. ACTUACIÓN DE PARTIDA

➤ NIVEL ORGANIZACIÓN CENTRO

- Materia de Libre configuración en 1º e 2ºESO “Igualdade de xénero”
- Reparto de espazos:
 - Pistas deportivas: predominio absoluto de rapaces.
 - Biblioteca:
 - Aula informática:
 - Paseo:
 - Zonas de charla:
 - Cafetería:
 - Tenis de mesa:
 - Radio:
- Creación de grupos-aula tentando equilibrar no posible o número de rapaces e rapazas.
- Creación de grupos de traballo mixtos.
- Linguaxe.
- Nomeamento dentro do Consello Escolar dunha persoa responsable de coeducación e igualdade.
- Paridade na elección de Delegadxs e Subdelegadxs de aula.

➤ NIVEL PEC

- Un dos obxectivos básicos é *“Fomentar o respecto e a igualdade de dereitos e deberes entre alumnas e alumnos promovendo actuacións dirixidas a favorecer a coeducación”*

➤ NIVEL PAT

- Como obxectivo do PAT *“Facer visibles ás mulleres: a súa contribución ao desenvolvemento da sociedade, facendo uso non discriminatorio da linguaxe, reflexionar sobre a pervivencia de papeis sociais discriminatorios en función do xénero.”*

- Inclúe o programa de educación para a igualdade de xénero
- Programa de orientación vocacional
 - Autocoñecemento: “Como son eu?”, “Como me vexo e como me ven?”, “Ti es única e único”
- Educación afectivo-sexual.
 - Cuestionarios e Unidades didácticas. “Aprendendo a amar dende a aula” M^a José Urruzola.
 - Obradoiros.
 - Charlas sobre Diversidade sexual e identidade de xénero.
- Programa de Habilidades Sociais.

➤ NIVEL PLAN DE CONVIVENCIA

- Como obxectivo dentro do propio Plan de convivencia.
- Como Actividades e actuacións.
- Celebración de diferentes Conmemoracións:
 - Datas a conmemorar:
 - Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a muller. 25 N
 - Día Internacional da Muller. 8 de marzo.
 - Día Internacional contra a Homofobia e a Transfobia (diversidade afectivo – sexual.) 17 de maio
 - Día Internacional do Orgullo LGTBI.
 - Posibles Actividades a realizar nas diferentes conmemoracións:
 - Visionado dunha curta, canción ou calquera outra actividade que decida o equipo de titores/as a desenvolver no grupo.
 - Charlas/Obradoiros externos.
 - Concurso de microrrelatos/fotografía/ilustración.
 - Algunha actividade a nivel titoría que procure a reflexión sobre Violencia de Xénero.
 - Representacións teatrais protagonizadas por alumnado.
 - Elaboración de murais, carteis, etc...
 - Distribución entre o alumnado de chapas, pulseiras ou outros obxectos
- Protocolo de Identidade de Xénero.

4.2. NOVAS ACTUACIÓNS

- Revisión tanto dos documentos do centro como dos materiais de aula (apuntamentos, exercicios, probas, etc...) empregando unha linguaxe non sexista, tentando evitar caer en estereotipos e evitando a presunción de heterosexualidade das familias (impresos de matrícula, fichas de titoría, circulares informativas, permisos de saídas extraescolares, etc.)
- Facer fincapé no uso de linguaxe non sexista.
- Creación na biblioteca dun espazo diferenciado dedicado á literatura feminista (tamén un espazo de literatura lgbtiqa+).
- Inclusión dun Plan Anual de Igualdade na Programación Xeral Anual.
- Creación dun grupo de apoio á diversidade afectivo-sexual.
- Adquisición de bibliografía e material audiovisual con temática en materia de igualdade e diversidade afectivo-sexual.

5 AVALIACIÓN E SEGUEMENTO

O seguemento deste plan permitirá adaptar as actuacións que recolle á realidade en cada momento da vida cotiá do centro. E a súa avaliación, levada a cabo por todos os sectores da comunidade educativa, será a base para a concreción do Plan Anual de Igualdade do curso seguinte.

Instrumentos para a avaliación.

- Memorias de departamento/ Memoria Final
- Observación, cuestionarios-enquisas de aula.
- Valoración das diferentes actividades realizadas.

Órganos avaliadores

- Alumnado/Xunta de Delegadxs
- Profesorado: Tirorías, CCP, Claustro.
- Consello Escolar.